



Concello de Boiro

BANDO INFORMATIVO

MEDIDAS PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS ANTE O COVID-19 (CORONAVIRUS)

D. José Ramón Romero García, alcalde-presidente do Concello de Boiro.

FAI SABER

O Ministerio de Sanidade do Goberno de España establece na Orde SND/271/2020 os protocolos para a xestión de residuos durante a situación de pandemia e Estado de Alerta xerado polo COVID-19.

Son os traballadores/as do Concello de Boiro os encargados de realizar a recollida dos residuos orgánicos do municipio; unha competencia, a xestión de residuos urbanos, municipal. Así pois, todos os cidadáns DEBEMOS axudar na tarefa de recollida e realizar unha serie de pasos na situación de alerta.

- Para os fogares con positivos ou en corentena polo COVID-19 (Coronavirus):

Os residuos dos doentes-positivos (luvas, panos, máscaras, entre outros) deben eliminar nunha bolsa de plástico (bolsa 1) específica que debe estar nun cubo de lixo disposto na habitación na que se encontra a persoa. O cubo debe ser, preferiblemente, con pedal de apertura.

Estes residuos NON DEBEN ser reciclados e separados. TEÑEN que desbotarse na mesma bolsa (bolsa 1)

A bolsa dos residuos (bolsa 1) ten que pechase correctamente e introducirse nunha segunda bolsa (bolsa 2) que se depositará na porta exterior do cuarto; na que, ademais, se depositarán as luvas utilizadas. Esta segunda bolsa debe pechase adecuadamente.

As persoas non infectadas-negativas do domicilio deberán coller esa segunda bolsa (bolsa 2) e depositala no interior do contedor ordinario do orgánico (bolsa 3).

De forma inmediata, débese realizar un lavado de mans completo con auga e xabón, de entre 40 e 60 segundos.

Esta última bolsa xenérica (bolsa 3) depositarase unicamente no contedor de resto-orgánico do municipio (nunca no amarelo)

- Para os fogares con persoas non infectadas-negativas:

A separación do lixo e residuos DEBE realizarse como se realiza habitualmente, separando o lixo segundo a orixe e materiais nos diferentes contedores: amarelo (envases lixeiros) e verde (residuos-orgánico).

As luvas de látex ou nitrilo empregadas para calquer uso non deben depositarse no contedor de envases lixeiros (amarelo), senón no de resto-orgánico (verde)

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento

En Boiro, na data que consta ao marxe

José Ramón Romero García

Alcalde

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 74SQQ3HGQ27M0HLAWFWMZD6TG | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1